

O INFORME DA VIAXE DE SANTIAGO ÁLVAREZ POR AMÉRICA LATINA (5 DE OUTUBRO DE 1960)

Víctor Manuel Santidrián Arias*

INTRODUCCIÓN

Nas páxinas que veñen a continuación, os lectores atoparán un longo informe asinado por Santiago Álvarez –membro do Comité Executivo do Partido Comunista de España (PCE) e secretario xeral do Partido Comunista de Galicia– sobre a viaxe que o líder comunista valdeorrés realizou ó longo do ano 1960 por América Latina. Esta *Información sobre mi viaje por América Latina*, dirixida polo seu autor á dirección do PCE, atópase no Arquivo Histórico do Partido Comunista de España¹ e é a base sobre a que están inspiradas as páxinas 233-337 do volume V das *Memorias* de Santiago Álvarez².

CONTEXTO HISTÓRICO

Cando Álvarez comezou a súa viaxe, o PCE acababa de celebra-lo seu VI Congreso. A asemblea foi de especial importancia para a organización, pois, por unha banda, levou á secretaría xeral da organización a Santiago Carrillo e, por outra, deu carta congresual ós acordos tomados no Comité Central de 1956 sobre a chamada Política de Reconciliación Nacional. No que atinxe ó político valdeorrés, o VI Congreso supuxo a súa entrada no Comité Executivo da organización. Na súa xira, Santiago Álvarez non fará máis ca cumprir-los mandatos deste organismo e difundir-los acordos congresuais.

A viaxe, segundo o propio testemuño de Santiago Álvarez, comezou cunha invitación por parte da Central de Trabaxadores de Cuba para que visitase o país caribeño con motivo da celebración do 1º de Maio de 1960. A visita transformouse nunha xira por toda América Latina na que o líder comunista entrou en contacto cos partidos “irmáns” –os partidos comunistas dos países visitados–, as organizacións do seu Partido no exilio e o exilio republicano.

* Doutor en Historia Contemporánea, profesor de Ensino Secundario e membro da Fundación 10 de Marzo.

1. AHPCE. Emigración política 102/1.

2. Álvarez, Santiago: *Memorias V. La larga marcha de una lucha sin cuartel (1954-1972)*. Sada, Edicións do Castro, 1994.

Como dicimos, unha parte fundamental do labor de Álvarez nesta viaxe foi o contacto cos partidos comunistas de América Latina, na procura de apoio económico e intercambio de información, así como para organizar unha conferencia latinoamericana pro-amnistía. De especial interese resulta a entrevista e os comentarios de Santiago Álvarez sobre a Revolución Cubana e o seu líder Fidel Castro, sobre todo porque o seu triunfo era moi recente e o seu carácter político estaba aínda sen definir.

Dende Cuba, Santiago Álvarez visitou outros países como Arxentina, Brasil, Chile, México, Venezuela, etc. Os partidos comunistas desas latitudes vivían daquela inmersos no debate sobre o significado da Revolución Cubana e a utilización das armas como vía de acceso ó poder. Debate ó que non era alleo o Movemento Comunista Internacional. Dende 1957, a República Popular de China formulara a súa teoría dos países capitalistas como “tigres de papel” ós que habería que facer fronte coas armas. Tampouco escapou a esa controversia o PCE, que en 1956 lanzara a súa Política de Reconciliación Nacional e a consigna da Folga Nacional Pacífica para derroca-lo franquismo. Nese contexto hai que entender as críticas ó efémero Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación, por exemplo.

Ademais de manter relacións cos comunistas dos países latinoamericanos, Álvarez entrou en contacto coas agrupacións do PCE, informándonos do seu estado. Por outra banda, realizou numerosas entrevistas coas personalidades do exilio republicano (galeguistas como Ramón Suárez Picallo, Alonso Ríos, etc.; socialistas como Indalecio Prieto, Jiménez de Asúa, Bruno Alonso, etc.; republicanos como Claudio Sánchez Albornoz, etc.). Coa Guerra Fría como pano de fondo, non resulta estraño que Álvarez recolla a idea de que algúns deses personaxes eran axentes dos servizos secretos norteamericanos. A Guerra Fría tamén explica, por exemplo, as referencias ás bases estadounidenses en España ou á crise do avión espía U-2.

DESTA EDICIÓN

Cando os lectores se enfronten á lectura deste documento deberán ser conscientes de que se atopan ante un material que non foi pensado para ser publicado. *Información sobre mi viaje por América Latina* é un escrito interno que non tiña outra pretensión que a de facilita-la toma de decisións do Comité Executivo dunha organización clandestina, o Partido Comunista de España. Así pois, preferimos transcribi-lo documento con total fidelidade respecto ó orixinal, mantendo as grafías, as abreviaturas, etc. Os erros que localizamos, sobre todo nos nomes propios, están corrixidos en nota para facilita-la comprensión do texto.

No que se refire ó aparato crítico, preferimos facer unha breve introducción que servise para enmarca-lo escrito, deixando para as notas os aspectos

máis puntuais. Intentamos dar información sobre todos aqueles feitos e personaxes que consideramos clave para o entendemento da *Información*. Dada a autoría deste texto, pensamos que era necesario dar maior espazo ós contidos referentes á organización en que militaba Santiago Álvarez, o Partido Comunista. Por outra banda, hai unha relativamente importante relación de nomes de persoas sobre os que non achegamos información, pois ou ben eran militantes de base ou ben non fomos quen de atopar ningún dato.

AGRADECEMENTOS

Agradecemos ó profesor Xosé Manoel Núñez Seixas a súa iniciativa para que este documento fose publicado na revista *Estudios Migratorios* do Consello da Cultura Galega. Facemos extensivo o noso agradecemento á institución que custodia esta *Información*, o Arquivo Histórico do Partido Comunista de España, particularmente a súa directora, Victoria Ramos, sempre atenta a calquera pedimento de documentación que se lle faga.

Gracias, finalmente, a Santiago Álvarez, autor deste escrito, quen nos autorizou a reproducilo.

O informe da viaxe...

**SANTIAGO ÁLVAREZ, INFORMACIÓN SOBRE MI VIAJE POR
AMÉRICA LATINA. 5 DE OCTUBRE DE 1960.**

Estimo que debo iniciar esta información recordando las dos cuestiones tratadas en la reunión del C.E.³, en vísperas de mi marcha a América Latina, y que se refieren: 1º.- a la decisión de que asistiese el camarada Santiago Carrillo⁴ al Congreso del P.S.P.⁵ de Cuba y a su posible visita a México; 2º.- al carácter y objetivos de mi viaje.

En cuanto al primer problema, quedamos en que yo plantease la cuestión a la dirección del P.S.P. y se viese con qué documentación había de hacer Santiago el viaje, etc.⁶

Respecto a lo segundo, después de las intervenciones de los camaradas sobre el problema, el camarada Santiago resumió la reunión, precisando una serie de ideas y dando otras. Se trata, dijo Santiago, de:

- 1º.- Popularizar la situación de España;
- 2º.- Contribuir a la campaña pro-amnistía;
- 3º.- Esforzarse por contribuir a la unidad de los españoles; y
- 4º.- Ayudar a la campaña económica.

Añadió: De acuerdo en informar a todos, incluso a sectores oficiales. (Hacer conferencias de prensa, mítines, etc.). S.A.⁷ debe utilizar su prestigio de hombre de guerra y perseguido para ligarse a amplios sectores y movilizarlos en la lucha contra la represión.

Puede ser útil o no ver a la delegación latinoamericana que va a ir a España. Tal vez no.

3. Refírese ó Comité Executivo, órgano de dirección do Partido Comunista de España para o que foi elixido Santiago Álvarez no VI Congreso da organización. Ata esta asemblea, o Comité Executivo recibira a denominación de Buró Político.

4. Santiago Carrillo, secretario xeral do PCE dende o seu VI Congreso.

5. O Partido Comunista de Cuba, fundado en 1925, transformouse en Partido Socialista Popular entre 1944 e 1961. Neses anos estivo encabezado por Carlos Rafael Rodríguez, Aníbal Escalante, Blas Roca, Lázaro Peña, etc., dirixentes algúns deles citados no presente documento. As relacións entre os comunistas cubanos e os comunistas españois exiliados en Cuba foron intensas dende os anos corenta, segundo investigacións baseadas no estudio da documentación do FBI estadounidense (Naranjo Orovio, Consuelo: *Cuba, otro escenario de lucha. La Guerra Civil y el exilio republicano español*. Madrid, CSIC, 1988, p. 168).

6. Atopamos referencias á viaxe de Santiago Carrillo ó Congreso do PSP cubano nas súas *Memorias*. Véxase, tamén, "La VIII Asamblea Nacional del Partido Socialista Popular de Cuba". *Mundo Obrero*, 16, 15 de setembro de 1960 e *Discurso del camarada Santiago Carrillo en la VIII Asamblea del Partido Socialista Popular de Cuba*. Arquivo Histórico de Comisiones Obreiras de Galicia (en diante, AHCCOO). Manuel Bravo.

7. Santiago Álvarez.

Hay que tener amplias relaciones de unidad. Es importante tratar de ver a Prieto⁸. Ver si cambió. Proceder en esto con máxima audacia. Llamarle por teléfono, ir a verle directamente. Tratar de ver en México a todas las fuerzas políticas. Hablar con los del Movimiento 1959 y ver si toma actitud franca de apoyo a la mesa redonda. En Argentina, ver a J. de Asúa⁹ y otras personalidades. Lo de la mesa redonda es el primer objetivo político, pero aceptar lo que sea si es positivo.

En lo de la campaña económica, aparte del esfuerzo de los camaradas, tratar de interesar a amigos del P. Y a burgueses españoles. Conseguir el apoyo de los PPCC.¹⁰

En cuanto al tiempo, ver si el plan de 64 días es insuficiente y ampliarlo a 90 días. No regatear semana más o menos.

Ver lo de Marruecos¹¹ con Rejano¹². Ver lo de la conferencia latinoamericana¹³ con nuestros camaradas en México, pues parece están un poco fríos. Ver en

8. Indalecio Prieto (1883-1962), político socialista que encabezou unha das tendencias existentes no PSOE, enfrontada á de Largo Caballero. Ocupou diversas carteiras ministeriais durante a II República e a Guerra Civil. Rematada esta, instalouse en México, onde reorganizou o sector socialista enfrontado a Juan Negrín e ós comunistas. Alcanzou a presidencia do seu partido en 1948, cargo que abandonou dous anos máis tarde en beneficio de Rodolfo Llopis. As relacións entre o político socialista e o PCE foron sempre moi tirantes, case marcadas polo enfrontamento. Deste xeito, Santiago Álvarez afirma que en 1960 “Mis recuerdos de don Inda, en tanto que ministro de la guerra y yo comisario no eran por ello edificantes. Eran más bien negativos” (Álvarez, Santiago: *Memorias V. La larga marcha de una lucha sin cuartel (1954-1972)*. Sada, Edición do Castro, 1994, p. 284). Pola súa banda, Prieto fixo sempre gala dunha actitude anticomunista.

9. Luís Jiménez de Asúa (1889-1970). Político socialista e catedrático de Dereito. Ocupou a presidencia da Comisión Constitucional nas Cortes da II República, período no que interveu na elaboración de textos xurídicos fundamentais como o Código Penal de 1932. Autor dunha extensísima obra científica, exiliouse en Bos Aires en 1939.

10. Partidos Comunistas.

11. A principios de 1960, Muhammad V comezou a exercer persoalmente o goberno de Marrocos. Unha das súas primeiras medidas foi esixirlle a España as colonias do norte de África e o Sáhara Occidental. O PCE manifestouse a prol das reivindicacións de Marrocos sobre Ceuta e Melilla, enclaves considerados froito do colonialismo español, como Xibraltar o era do colonialismo británico. A Declaración comunista afirmaba que “En el caso de los peñones de Ifni, Sequet el Hamra y Río de Oro, la legitimidad de las reclamaciones marroquíes ofrece aún menos discusión” (“Declaración del Partido Comunista de España sobre las relaciones hispano-marroquíes”. *Nuestra Bandera*, 30, abril de 1961, pp. 119-121).

12. Juan Rejano (1902-1976). Poeta e militante comunista. Na época da II República foi un dos animadores da editorial Cénit. Exiliado en México, formou parte do Comité de dirección do PCE no país azteca. Foi membro do Comité Central do seu partido dende o VI Congreso (1960).

13. O quinto gabinete do xeneral Franco (1957-1962), no que o xeneral Camilo Alonso Vega ocupaba a carteira de Gobernación, promulgou en 1959 a Lei de Orde Pública, desenvolvida polo Decreto do 21 de setembro de 1960 mediante o que se asimilaba ó delicto de rebelión mili-

O informe da viaxe...

Cuba y México lo de la edición de la Historia del P.C. de E¹⁴. Ver en México lo de la edición del libro de Hidalgo¹⁵. Si coincide el Congreso del P.C. de Venezuela, asistir.

Cómo fueron cumplidos por mi parte estas decisiones y encargos?

Nada más llegar a La Habana, como ya comuniqué en mi carta del 4 de mayo, abordé con los camaradas cubanos, concretamente con Anibal Escalante¹⁶, pues Blas¹⁷ estaba fuera, la cuestión de la ida de Santiago a su Congreso, y la necesidad de que se arreglase su documentación, bien enviando

tar actos como o dun sinxelo repartimento de folletos. Neste marco de recrutamento da represión, as organizacións antifranquistas reactivaron as campañas pro-amnistía, labor no que os comunistas desempeñaron un significativo papel e no que se enmarca a viaxe de Santiago Álvarez, da que informa este documento. O PCE, que acababa de poñer en marcha a súa estratexia de Folga Nacional Pacífica, traballou en distintas direccións sobre este problema. Os comunistas buscaron a colaboración con outras forzas políticas, como o Partido Socialista ("Una proposición del Comité Ejecutivo del Partido Comunista de España a la Comisión Ejecutiva del Partido Socialista. 30 de agosto de 1960". *Mundo Obrero*, 16, 15 de setembro de 1960). Por outra banda, o Partido Comunista desenvolveu unha intensa actividade internacional na procura de condenas do réxime franquista por parte de gobernos e de organizacións políticas. Así, durante os días 22, 23 e 24 de xaneiro de 1960 celebrouse en São Paulo unha conferencia sudamericana pro-amnistía, na que participaron delegados de Arxentina, Chile, Uruguai, Brasil, Venezuela e Paraguai ("La conferencia suramericana pro-amnistía". *Mundo Obrero*, 3, 1 de marzo de 1960). No mesmo ámbito xeográfico, as organizacións comunistas de Latinoamérica fixeron pública na Habana unha declaración de condena do réxime de Franco ("Declaración de los Partidos Comunistas y Obreros de América Latina y España". *Nuestra Bandera*, 28, outubro de 1960, pp. 170-171). Finalmente, no último trimestre de 1960 estaba en preparación unha II conferencia latinoamericana (Mije, Antonio: "La movilización nacional e internacional por la amnistía". *Nuestra Bandera*, 28, outubro de 1960, pp. 29-38) e no mes de marzo de 1961 tivo lugar outra conferencia pola amnistía, nesta ocasión dos países da Europa occidental (Mije, Antonio: "La conferencia de los países de Europa occidental por la amnistía". *Nuestra Bandera*, 30, abril de 1961, pp. 19-27). Tamén dende instancias públicas do interior se alzaron voces para denuncia-la represión, como foron os documentos asinados por un grupo de intelectuais españois, encabezados por Menéndez Pidal, e o do Colexio de Avogados de Madrid.

14. A *Historia del Partido Comunista de España* foi obra dunha comisión do Comité Central do PCE formada por Dolores Ibárruri, Manuel Azcárate, Luis Balaguer, Antonio Cordon, Irene Falcón e José Sandoval. Esta obra tivo múltiples edicións. Coñecemos-la edición cubana desta historia, publicada na Habana en 1964 pola Editora Política.

15. Ignacio Hidalgo de Cisneros (1894-1966) foi un dos militares que participou na fracasada sublevación de decembro de 1930. Afiliado ó Partido Comunista, do que sería membro do seu Comité Central, chegou a dirixi-la aviación republicana durante a Guerra Civil. O libro ó que se refire é *Cambio de rumbo (Memorias)*. A edición de Bucarest, aparecida en 1964, pode ser consultada na Biblioteca da Fundación 10 de Marzo.

16. Comunista cubano que foi líder do Partido Socialista Popular. A comezos dos anos sesenta foi destituído dos seus cargos por culpa do enfrontamento entre Fidel Castro e a vella garda comunista. Santiago Álvarez explica este suceso en termos moi frecuentes dentro dos partidos comunistas da época: "Anibal era inteligente, capaz, con dotes indiscutibles de dirección, muy expeditivo para resolver los problemas. Pero le perdía su ambición. Esta fue la que le llevó pos-

un visado, para el pasaporte checoslovaco, a Viena, o bien facilitando un pasaporte cubano. Escalante me dijo que celebraban nuestro acuerdo de que asistiese Santiago al Congreso y me informó que puesto que el Congreso se aplazaba para el 16 de agosto, y en esos días se iban a establecer relaciones diplomáticas con la URSS y Checoslovaquia, sería muy fácil resolver el problema de la documentación, utilizando cualquiera de las formas señaladas. Esto fue lo que comuniqué a París en mi primera carta, fecha 4 de mayo.

El día que informé al Comité Ejecutivo del P.S.P. de la situación del país y de la actividad del P., volví a plantear dicha cuestión ante todo el Ejecutivo y, más tarde, cuando llegó Blas –ya restablecidas las relaciones diplomáticas antes mencionadas–, volví sobre el asunto. Él me dijo que no habría problema, ya que aunque los embajadores de Cuba para la URSS y Checoslovaquia no habían salido, saldrían pronto y en cualquiera de las dos embajadas podía recogerse el visado o el pasaporte cubano. Que ellos arreglarían eso.

Yo salí para México seguro de que esa era una cuestión resuelta, aunque con la idea de que no había que dejarlo de la mano, y ese fue uno de los motivos, como señalo más adelante, de por qué regresé a Cuba de nuevo.

Por lo que se refiere a la posible ida a México del c.¹⁸ Santiago, informé al c. Rejano y a los camaradas del C.C.¹⁹ de que iría al Congreso del P.S.P. y que aprovecharía para ir allá, pero no hice ninguna gestión de visa, porque no quedamos en ello, ni habíamos especificado con qué pasaporte podría ir, etc.

Respecto a las actividades mías en Cuba en la primera estancia (mes de mayo), me remito a las cartas del 21 y 28 de ese mes, así como a las del 2 de junio²⁰ (carta que adjunto y que por haberla mandado por la vía de los camaradas ch. no llegó hasta que yo ya estaba en Praga), y, sobre todo a la que mandé desde México (que también se adjunta).

En la fecha de 2 de junio y en la que acabo de citar, me refiero a algunos aspectos de la entrevista con F.²¹ No obstante, añadiré algunas precisiones que completen lo que en ambas digo.

teriormente a su ruina política” (Álvarez, Santiago: *Memorias V. La larga marcha de una lucha sin cuartel (1954-1972)*. Sada, Edición do Castro, 1994, p. 244).

17. Secretario xeral do Partido Comunista de Cuba e, posteriormente, do Partido Socialista Popular. Autor dunha obra chamada *Los fundamentos del socialismo*.

18. Camarada.

19. Comité Central, máximo órgano do PCE entre congresos.

20. Algunhas destas misivas, ou polo menos fragmentos delas, están incluídas en Álvarez, Santiago: *Memorias V. La larga marcha de una lucha sin cuartel (1954-1972)*. Sada, Edición do Castro, 1994.

21. Fidel Castro. Dada a temperá data en que está escrito este informe, o carácter da revolución cubana resulta aínda un tanto ambiguo. Esta é a razón pola que as memorias de Santiago Álvarez translocen unha certa desconfianza cara ó líder caribeño, sentimento que non é incompatible con outro de admiración.

O informe da viaxe...

Le saludé en nombre del C.E., saludo que recibí con visible satisfacción. Me preguntó qué impresión tenía nuestro P. sobre la revolución cubana, pues parece, dijo, “que algunos dirigentes del P.C. de Europa no tienen la suficiente confianza en nosotros”. Le dije que la dirección de nuestro P. sí tenía confianza en la revolución y en él, y en los demás dirigentes de la misma. Le hablé de que la decisión de que Santiago Carrillo asistiese al Congreso del P.S.P. era una demostración de la importancia que nuestro P. daba a lo que ocurría en Cuba, al propio tiempo que una evidente expresión de nuestra actitud solidaria con la revolución cubana, a la que el pueblo español saludaba como una victoria propia. Otra demostración de nuestra actitud solidaria hacia la revolución cubana es que estamos dispuestos, le dije, a ayudarles a ustedes con cuadros técnicos, en todo lo que podamos, en la medida de nuestras posibilidades. (Esto se lo dije habiendo consultado antes con los c. del P.S.P., quienes aconsejaron que, desde luego, se lo dijese sin temor y que, en general, podía hablarle de todo con entera y absoluta confianza). Agradeció mucho eso y dijo que lo tendría en cuenta, pues ellos, evidentemente, necesitaban muchos cuadros. Me preguntó: “Te das cuenta de que aquí trabajamos para establecer las bases del socialismo?”. Sí, le dije, me doy perfecta cuenta, pues eso es evidente. Cómo están las cosas en Esp.? Es muy fuerte el P.? Trabaja mucho? Es el único que trabaja seriamente contra Franco? En qué podemos ayudarles? Le expliqué la situación, particularmente los efectos del plan de estabilización²², el carácter y contenido de la política de R.N.²³, nuestra táctica de lucha de masas y pacífica, lo que, me dijo, comprendía perfectamente. Dada las condiciones de España –me dijo–, si ustedes utilizaran una táctica de lucha violenta se aislarían de las masas²⁴; nosotros com-

22. O Partido Comunista de España manifestouse en contra do Plan de Estabilización de 1959. Vid., por exemplo: *El Partido Comunista llama a los trabajadores a la lucha contra el Plan de Estabilización en el Primero de Mayo*. AHPCE, Documentos 1960, Carpeta 41.

23. Refírese á chamada “política de reconciliación nacional”, elaborada no Pleno do Buró Político do PCE celebrado en abril-maio de 1956 e no do Comité Central de xullo-agosto seguintes. Ante a proximidade do XX aniversario do 18 de xullo de 1936 e dados os cambios habidos na situación mundial e na española, os comunistas españois consideraban que eran xa moitas as opinións existentes no campo dos derrotados sobre a necesidade da reconciliación nacional entre os dous bandos enfrontados na Guerra Civil (*Declaración del Partido Comunista de España por la reconciliación nacional, por una solución democrática y pacífica del problema español. Junio de 1956*. AHCCOOG. Manuel Bravo).

24. Na liña comezada coa política de reconciliación nacional, o Partido Comunista desenvolveu unha actividade baseada na posibilidade dun cambio pacífico de réxime, sempre e cando se desen dúas condicións: a unidade de tódalas forzas de oposición –de esquerda e de dereita–, que sería a base de, en segundo lugar, accións de masas que culminarían nunha folga nacional pacífica (Comité Ejecutivo do PCE, *Declaración*. 1 de xullo de 1960. AHCCOOG, Manuel Bravo). A circular interna que desenvolvía a Declaración de Comité Ejecutivo do PCE do 1 de xullo de 1960, na que se marcaban eses obxectivos, precisaba con máis detalle o seu significado. Así, por exemplo, explicaba que “vía pacífica” non implicaba a exclusión de toda violencia: “Por vía pacífica el Partido entiende la exclusión de la guerra civil, y nada más”. Non

prendemos eso y les apoyamos. (En esta parte de la conversación fue cuando le hablé de Bayo²⁵ y del DRIL²⁶). Le hablé del desarrollo del P., de los éxitos en nuestro trabajo y de las dificultades y de la perspectiva de la huelga nacional. Me preguntó detalles sobre la represión, de los consejos de guerra contra los

era impensable nin incompatible coa vía pacífica proposta o feito de que durante as accións de masas aparecesen “certainas formas de violencia” (Comité Ejecutivo do Partido Comunista de España: *A los comités del Partido. Agosto de 1960*. AHCCOOG, Manuel Bravo). Por outra banda, o propio Santiago Carrillo advertía do risco dun estoupido de violencia, porque nas xeracións novas, as que non sufriron a guerra, o desexo de liberdade era máis forte có temor a un enfrontamento armado. Para Carrillo, existían “jóvenes intelectuales radicales” cegados pola experiencia da revolución cubana, modelo que non coñecían ben e que, ademais, pretendían trasladar a España mecanicamente. O PCE non compartía ese punto de vista, que estaba baseado na idea de que era posible pasar sen solución de continuidade do réxime fascista ó socialista mediante a vía armada; non, a revolución española non se podía facer sobre a base dun modelo foráneo (Carrillo, Santiago: *Sobre algunos problemas de la táctica de lucha contra el franquismo. 10 de marzo de 1961*. AHCCOOG, Manuel Bravo). A aceptación ou non desta vía será obxecto de debate en determinados sectores do Partido e unha das causas de escisións nun futuro non moi afastado. O influxo da revolución cubana fixo aparecer grupos inspirados nela como o Movemento 1959, citado neste documento en varias ocasións.

25. Alberto Bayo era un militar republicano exiliado en Cuba que actuou de instructor das guerrillas castristas. Bayo creara en 1958 unha Unión de Combatentes Antifranquistas, que intentou agrupar ós desterrados descontentos cos partidos antifranquistas. Nas súas memorias, Santiago Álvarez reproduce unha carta enviada por el á dirección comunista en París na que ofrece unhas pouco adulatoras opinións sobre Alberto Bayo (Álvarez, Santiago: *Memorias V. La larga marcha de una lucha sin cuartel (1954-1972)*. Sada, Edicións do Castro, 1994).

26. O Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación (DRIL) naceu como froito dos contactos entre Xosé Velo, José Fernando Fernández (Jorge de Sotomayor), o xeneral portugués Humberto Delgado e o tamén portugués capitán Henrique Galvão. Defínese como un grupo “intransixentemente republicano que cre no mel, non na colmea, é dicir, republicanos para unha República do pobo, dos pobos, das nacións ibéricas, de tódalas nacións ibéricas”. O DRIL optou pola vía armada contra as ditaduras ibéricas. En febreiro de 1960, senllas bombas estouparon no concello de Madrid e na sede da Falanxe. No mes de xuño houbo varios atentados contra estacións de Renfe (Bilbao, Barcelona, Madrid) e de Iberia. A prensa franquista acusou ó PCE de se-lo culpable da colocación destas bombas, ó que a organización comunista respondeu cun comunicado no que afirmaba que ese tipo de actos “sólo prejuicio pueden ocasionar a la lucha del pueblo contra el franquismo” (“Comunicado del Comité Ejecutivo del Partido Comunista de España. 30 de junio de 1960”. *Mundo Obrero*, 11, 1 de xullo de 1960). Meses despois, o PCE volvía sobre estes acontecementos dicindo que “fueron preparados por la misma policía para justificar la intensificación de la represión, particularmente contra los comunistas” (*Declaración del Partido Comunista sobre el decreto del 21 de septiembre. 24 de octubre de 1960*. AHCCOOG, Manuel Bravo). A acción máis coñecida do DRIL foi a “Operación Dulcinea”, o secuestro do transatlántico portugués Santa María. Entre as varias obras que se poden citar sobre este grupo destaca *Yo robé el Santa María*, redactada por un dos seus protagonistas, Jorge de Sotomayor. Recentemente saíu do prelo a obra de Antonio Piñeiro: *Pepe Velo. Pensador, soñador e mestre revolucionario*. Vigo, Xerais, 2000.

O informe da viaxe...

detenidos, de las ejecuciones que Franco había realizado en los últimos tiempos, etc., de todo lo cual le hablé ampliamente²⁷.

En cuanto a la actividad de las otras fuerzas, le hice unas explicaciones basándome en lo abordado en el VI Congreso y la conversación tenida con el camarada Santiago en París.

Respecto a la ayuda que nos podían prestar, le expliqué el objetivo de la conferencia latinoamericana pro amnistía y nuestro propósito de lograr \$30.000 en Cuba, si él autorizaba la salida de divisas, llevando a cabo, tal vez, un día de solidaridad, recabando la ayuda por arriba de la dirección de las distintas organizaciones (esto era lo acordado con el P.S.P.), y en cuyo día se realizase una movilización política. Se mostró de acuerdo. Aquí el pueblo –me dijo– es totalmente antifranquista; con eso podemos contar; pero, claro, la movilización tiene un significado político. En cuanto a la ayuda económica, me dijo: Os daremos ahora una ayuda económica, a través del 26 de julio²⁸, y un tanto mensual. No sé la cantidad con que os podremos ayudar, pero os prestaremos ayuda, pues sabemos muy bien lo que significa el exilio y vuestras dificultades. Toda la ayuda que vamos a prestar a la lucha en España la prestaremos a través vuestro, a través del P. No daremos ayuda a otras fuerzas. Si algún líder republicano o socialista viene y nos visita, lo recibiremos con cortesía, pero nada más. (El cumplimiento de esta promesa ya se ha hecho efectivo, como más adelante explico.) Me preguntó nuestra opinión sobre lo ocurrido con Lojendio²⁹. Le dije que su actitud (la de Fidel) nos había parecido correctísima y que la opinión del P.C. era la que había dado Santiago Carrillo en su artículo (él lo conocía). Me dijo: alguna gente quería que rompiésemos relaciones definitivas con Franco, pero nos pareció no debíamos hacerlo. Le dije que me parecía justo.

Al hablarle de Santiago, me dijo que él conocía que había sido el dirigente de la Juventud y algunos otros datos de su vida política, pero que le diese algunos elementos sobre su biografía, lo hice.

27. En setembro de 1959 foron condenados a varios anos de prisión, entre outros, os dirixentes comunistas Luis Lucio Lobato e mais Simón Sánchez Montero. En novembro de 1959, Julio Cerón e outros membros do Frente de Liberación Popular foron condenados en consellos de guerra a diversas penas de cadea. O 8 de marzo de 1960 foi executada a sentenza de morte contra Antonio Abad Donoso, o que provocou unha campaña internacional de protesta. En xuño do mesmo ano, Jordi Pujol foi levado ante un consello de guerra polos sucesos no Palau de la Música de Barcelona.

28. Movimiento 26 de Julio.

29. Juan Pablo de Lojendio, marqués de Vellisca, era o embaixador español na Habana no momento da Revolución. Foi acusado polo réxime cubano de apoia-la contrarrevolución. En xaneiro de 1960, tivo un incidente con Fidel Castro diante das cámaras da televisión cubana, polo que recibiu un prazo de vinte e catro horas para abandonar o país. O PCE, como non podía ser doutro xeito, condenou as actitudes do embaixador Lojendio e as dunha parte do clero español en Cuba (Vid., entre outras, "Declaración de los Partidos Comunistas y Obreros de América Latina y España". *Nuestra Bandera*, 28, outubro de 1960, pp. 170-171).

Al hablar del trabajo en España me preguntó por la labor de R.E.I.³⁰, que ellos escuchaban antes, en la Sierra Maestra, cosa sobre lo cual le hablé, y al referirme a su popularidad en España –la de Fidel–, le apunté la idea de dar por R.E.I. algunos trozos de sus discursos. Estuvo de acuerdo.

Yo salí de la entrevista convencido de lo que digo en mis dos cartas anteriores, adjuntas; es decir, que Fidel es un hombre identificado con los ideales del socialismo y dispuesto a luchar hasta el fin por ellos. En cuanto al problema español, convencido también de que sus manifestaciones han sido totalmente honestas y que el respeto y la admiración que expresó por nuestro Partido son totalmente sinceros.

El haber comenzado a hacer efectiva la ayuda material ofrecida para nuestra lucha es ya una prueba de ello.

MÉXICO

Sobre mis actividades en México, me remito a la carta que escribí desde allí, con fecha 29 de junio y, sobre todo, a la escrita el día 2 de junio desde S. Paulo, las que se completan con las notas adjuntas sobre reunión con el Comité del P.C. de E.³¹, con el Comité del P.S.U.C. y con los c. gallegos.

A lo dicho en mi carta del 2, deseo añadir lo de mis conversaciones con Bullejos³², Prieto, Bruno Alonso³³ y D. José Giral³⁴.

30. Radio España Independiente, *La Pirenaica*, era a emisora clandestina do Partido Comunista de España. Emitía un programa especial para Galicia chamado *De Tui a Ribadeo*.

31. Debido ás diferencias na liña política dos comunistas e na forma en que se producía a toma de decisións no Comité de México, en 1957 estoupou unha crise na dita organización. Os responsables foron convocados a París, onde residía a dirección central, para discuti-lo problema. Froito da reunión foi unha *Carta a los miembros de la organización del PCE en México* pola que se recoñecían os acertos na liña marcada pola dirección e os erros da organización mexicana. Sobre estes sucesos existen versións distintas dos implicados. Deste xeito, Santiago Álvarez, daquela responsable da organización mexicana, defende a postura da dirección (Álvarez, Santiago: *Memorias V. La larga marcha de una lucha sin cuartel (1954-1972)*. Sada, Edición do Castro, 1994, pp. 187 e ss.). Outro dos implicados, neste caso oposto ás teses oficiais, foi o filósofo Adolfo Sánchez Vázquez, quen afirma que “el conflicto se resolvió de acuerdo con la aplicación habitual de las reglas del centralismo democrático: sometimiento incondicional de la organización inferior al centro” (Sánchez Vázquez, Adolfo: *Recuerdos y reflexiones del exilio*. Barcelona, GEXEL, 1997, p. 63. Véxase, na mesma liña, a páxina 185).

32. José Bullejos (1899-1974) foi secretario xeral do PCE entre 1925 e 1932, data en que foi expulsado da organización. Posteriormente ingresou no PSOE. Despois da Guerra Civil, exiliouse en México, país onde se doutorou en Dereito e Ciencias Sociais. É autor de numerosos artigos e varios libros, entre os que destaca *La Comintern en España. Recuerdos de mi vida* (1972).

33. Deputado socialista nas Cortes da II República. Durante a Guerra Civil foi o comisario xeral da Armada. Exiliado en México, formou parte do grupo caballerista do PSOE, que intentou contrarrestar-la influencia de Indalecio Prieto no continente americano.

34. José Giral (1879-1962), estreito colaborador de Manuel Azaña, ocupou varias carteiras ministeriais durante a II República e a presidencia do Consello dende o 18 de xullo de 1936

O informe da viaxe...

Encuentro con Bullejos. Éste me contou que el año pasado había estado en Europa –París y Londres– pasando por E.U. En E.U. se vio con un agente norteamericano del Departamento de Estado y con el general Asensio³⁵ (como se sabe agente también del Departamento de Estado entre los españoles). El primero le dijo –según él–, que sabían que Llopis³⁶ tenía relaciones secretas con los comunistas y que el enlace era F. Melchor³⁷; que por esa causa, Llopis no era de fiar. El general Asensio le insistió sobre el problema y le dijo que el Departamento de Estado tenía mucha desconfianza hacia Llopis, por tener relaciones secretas con los comunistas. Cuando Bullejos llegó a París –según dice– planteó el problema a Llopis y éste –siempre al decir de Bullejos–, se lo desmintió, pero se quedó pálido. Bullejos sacaba la conclusión de que la situación de Llopis, por esto, era muy difícil.

Bullejos fue de París a Londres y habló, según él, con personalidades laboristas. Elaboraron un plan para hacer un congreso de todas las fuerzas españolas de la oposición, de dentro y de fuera de España, para ver de llegar a un acuerdo contra Franco³⁸. Mencionó concretamente a Ridruejo³⁹, la izquierda

ata que foi substituído por Largo Caballero. Xa en México, foi presidente do Goberno republicano no exilio, gabinete do que Santiago Carrillo formou parte como ministro sen carteira. Resulta significativo que sexa o único personaxe ó que o autor trata como “don”.

35. José Asensio foi un dos militares membros da Unión Militar Republicana Antifascista (UMRA). Tomou parte activa nos combates da serra madrileña nos primeiros días da Guerra Civil. Quizais por estas razóns, foi nomeado subsecretario do Ministerio da Guerra, cando deste se ocupaba o socialista Largo Caballero. Foi responsable da prohibición da propaganda política no Exército Popular, razón pola que caeu en desgracia entre os comunistas, que o fixeron responsable da toma de Málaga polo exército franquista. Santiago Álvarez cualifica a este militar como derrotista, antiunitario e anticomunista (Álvarez, Santiago: *Castelao y nosotros los comunistas*. Sada, Edicións do Castro, 1984, pp. 86-87).

36. Rodolfo Llopis (1895-1984), político socialista que foi director xeral de Primeiro Ensino durante os anos 1931-33. Exiliouse en Francia, onde foi elixido presidente da República no exilio ademais de ocupar a presidencia da UGT e a secretaría xeral do PSOE ata 1973.

37. Federico Melchor. Dirixente das Juventudes Socialistas Unificadas dende a súa fundación, e do PCE, posteriormente. Foi director do periódico comunista *Mundo Obrero*.

38. O antifranquismo non comunista no exilio traballaba daquela para chegar a un acordo que permitise acabar coa dictadura franquista. Un dos pasos dados nesa dirección foi o Pacto de París, ó que este mesmo documento se refire máis adiante. Sen dúbida ningunha, un fito de maior sona internacional neste camiño foi a participación dun amplo número de personalidades antifranquistas non comunistas no Congreso que o Movemento Europeo celebrou en xuño de 1962 na cidade de Múnic, e que a prensa do réxime publicitou como “contubernio de Múnic”.

39. Dionisio Ridruejo (1912-1975). Aínda que falanxista dende moi novo e a pesar de ocupar destacados cargos nos primeiros anos do franquismo, enfrontouse ó dictador. A súa evolución ideolóxica levouno a postulados socialdemócratas, cos que fundou en 1974 a Unión Social Demócrata Española. O informe de Santiago Álvarez foi redactado pouco tempo despois de que Ridruejo realizase unhas declaracións á revista cubana *Bohemia* nas que rompía co franquismo. Como consecuencia destas declaracións, Ridruejo foi procesado e condenado a varios meses de prisión.

demócrata cristiana, etc. Al preguntarle yo si a ese congreso se invitaría a nuestro P., me dijo que el proyecto era de reunir a personalidades y que seguramente se invitaría a alguna de nuestro P. En la forma que me dijo esto último, deduje que ello no era exacto. El Congreso, según él, no llegó a plasmar después en realidad.

En todo esto que me iba contando iba percibiendo yo que Bullejos –aparte de que el viaje exista y posiblemente hayan existido también las conversaciones con Asensio y el otro agente del Departamento de Estado, así como con los laboristas– se esforzaba por presentarse él, de un lado, como una gran personalidad del P.S.O.E., en el seno del cual juega un gran papel; de otro lado, como un amigo de la unidad con nosotros, como un hombre que proporciona el acuerdo con los comunistas, aunque su actitud en ese viaje y al interrogar a Llopis, demuestre lo contrario. La realidad en uno y otro aspecto no es la que ha pretendido hacerme ver. Su papel en el P.S.O.E. no es el que él pretende y su posición unitaria tampoco, cuestión ésta que pude comprobar una vez más al hablar días después con Bruno Alonso.

Las conclusiones que yo he sacado de la conversación con Bullejos son las siguientes: 1º Seguramente que el contarme todo lo que me contó ha sido por vanidad y, a la vez, para hacerme ver que él se explayaba con nosotros en confianza –me habló de Dolores⁴⁰ de nuevo, con gran admiración, y me dio saludos para ella–, al mismo tiempo que nos ponía en antecedentes de la presión que sobre el P.S.O.E. ejercen los yanquis, hecho que una vez más se comprueba por lo expuesto. 2º. El que a Bullejos le den los Estados Unidos facilidades para ir allá e incluso, a veces, le inviten de los sindicatos a dar conferencias, unido a la amistad que él sostiene con Máximo Muñoz, exsecretario de Prieto y agente descarado de los yanquis en México y entre la emigración, creo revela que él (Bullejos) es un hombre que informa a los yanquis y, en una palabra, les sirve en ciertos aspectos.

Teniendo en cuenta esto último, y conociendo la actitud de Bullejos en los últimos tiempos (que dejó solo a Bruno Alonso y que su pretendida actitud caballerista y unitaria fue echada por la borda, plegándose totalmente a Prieto), es por lo que me limité a escucharle, a entregarle los materiales del VI Congreso y a decirle que eso de las pretendidas relaciones secretas entre Llopis y el P.C. era una “patraña”, seguramente urdida por el F.B.I. y que, a pesar de éste y de todos los esfuerzos del Departamento de Estado, así como de los anticomunistas en el exilio, la unidad entre socialistas y comunistas progresaría, ya que en el interior de España las cosas avanzan también en ese orden.

40. Dolores Ibárruri, *Pasionaria*. Militante comunista desde os anos vinte, foi deputada da súa organización nas cortes da Fronte Popular. Exiliada dende a fin da Guerra Civil, primeiro en Francia e despois na URSS, foi secretaria xeral e presidenta do Partido Comunista de España. Morto Franco, regresou a España e foi elixida deputada por Asturias na primeira lexislatura da democracia.

ENTREVISTA CON PRIETO

A los pocos días de llegar a México llamé por teléfono a casa de Prieto. Le dije quién era y que tenía interés en verle, ya que la dirección de mi Partido me había encargado hablar con él. Me dijo que aquel día –era un sábado por la mañana–, se encontraba mal y que le llamase el lunes. Precisé a qué hora el lunes, a eso de las 10 le llamé. Me dijo que si no tenía inconveniente en ir a su casa podía ir a verle alrededor de las 5 de la tarde. Le respondí que, por mi parte, no había inconveniente alguno. Me dio la dirección y fui a la hora concretada. Él me recibió en su biblioteca; se levantó del sillón en que estaba sentado, para saludarme, y me ofreció asiento. Me pareció un elemental deber de cortesía preguntarle por su salud. Me dijo que estaba ya para el arrastre, que apenas podía andar, aunque de la vista, después de curarse de la caída de la retina, había vuelto a mejorar. Que, de todos modos, tenía muchas dificultades para leer y escribir. Esto me lo repitió más tarde cuando le entregué los materiales del VI Congreso.

Como le dijese yo que, de todos modos, por los artículos que escribe se ve que, en lo fundamental, sus facultades responden, me dijo que ahora escribía menos, que sus posibilidades de publicar artículos se habían reducido al mínimo, dado que los “tal por cual” (aquí soltó un taco), de los yanquis, “que tienen tentáculos en todas partes, me han ido haciendo imposible publicar artículos, como antes, en Uruguay, Argentina y otros lugares.” Sus embajadas todo lo controlan –dijo– y tratan de hacerle a uno la vida imposible si no se somete a ellos. En esta parte de la conversación se refirió al problema a que aludo en mi carta del 2 de julio, enviada desde S. Paulo, es decir, a la cuestión de la paz, el peligro de una guerra nuclear, etc., echando pestes contra los yanquis. Como digo en la referida carta, me preguntó por la camarada Dolores, diciendo que hacía mucho tiempo que no la veía. Se refirió al primer discurso de ella en el Parlamento, diciendo: “yo la felicité y le pregunté: dónde aprendió usted a hacer esos discursos? Dolores me contestó: “Aprendí de usted, señor Prieto”⁴¹. Claro que yo –dijo– sé que eso me lo decía por hacerme un honor. Ella es una mujer muy inteligente”. Le dije: si usted tuviese interés en visitar la URSS, tal vez podría lograrlo y, de paso, podría verla a ella. A esto respondió lo que ya señalo en la carta del 2 de julio, es decir, que su estado de salud no se lo permitía. Dijo: “Claro que me gustaría visitar la URSS, pero ya estoy viejo, ya no soy capaz de ir de aquí a Xochimilco”. No dio otro argumento. Dijo: “El otro año me insinuaron la posibilidad de visitar la URSS; no sé si la insinuación venía de ustedes, y lo rechacé porque siendo yo un socialista, el viaje podía tomarse como un cambio en mi actitud política”.

41. Os discursos parlamentarios da presidenta comunista están recollidos en García Castillejo, Ángel: *En el parlamento y en la calle. Dolores Ibárruri diputada*. Madrid, Fundación Dolores Ibárruri, 1995.

Hablando de la c. Dolores, empezó a recordar los primeros tiempos de nuestro P., cuando estaba a su frente Óscar Pérez Solís⁴², etc., haciendo un gran alarde de memoria, al mismo tiempo que poniendo en duda que F. Pérez-Agua⁴³ haya sido miembro del P.C. A esto le respondía que, por todo lo que yo conocía, sí había sido. En esta parte de la conversación fue cuando me dijo que había estado leyendo, en “España Libre”⁴⁴ de N. York, el Comunicado del Comité Ejecutivo de nuestro P., sobre el 40 aniversario y que le había indignado ver cómo se plantea en él el papel de los socialistas en la época del gobierno republicano-socialista⁴⁵. “Nos atacan ustedes llamándonos pequeño-burgueses y diciendo que hemos perseguido a los comunistas, cuando la realidad es que les ayudamos a que Bolívar⁴⁶, el médico de Málaga, saliese de la cárcel incluyéndolo en la candidatura para que fuese elegido diputado”. Le dije que lo que se decía en el comunicado del Ejecutivo de nuestro P. responde a la realidad. Es que no recuerda usted lo del parque de María Luisa de Sevilla⁴⁷, y todos los otros hechos en que los comunistas fueron asesinados o perseguidos? A esto no respondió y se refirió a que había oído o leído que íbamos a publicar la Historia del P. Le dije que sí, que ya estaba escrita y que pronto se publicaría, incluso en México. “Habrá que ver –dijo– lo que ustedes dirán en ella.” En fin, le repliqué, ustedes tendrán ocasión de leerla y, si lo desea, polemizar con nosotros sobre lo que en ella decimos, pero nosotros enjuiciamos los hechos objetivamente, y creemos con ello prestar un servicio a nuestro P. y al conjunto del movimiento obrero y popular español. Precisamente uno de los méritos de escribirla y publi-

42. Óscar Pérez Solís (1882-1951) foi un ex-capitán de artillería que chegou a ser secretario xeral do Partido Comunista de España entre 1923 e 1928, tralo seu paso polo Partido Socialista. Cando abandonou a ideoloxía comunista, Miguel Primo de Rivera empregouno na Campsa. Posteriormente afiliouse á Falanxe e tomou parte activa no bando sublevado durante a Guerra Civil. É autor, entre outras obras, dun libro titulado *Memorias de mi amigo Óscar Perea*.

43. Facundo Perezagua (1860-1935) foi un socialista de primeira hora. Enfrontado a Indalecio Prieto polo control do socialismo biscaíño, encabezou unha escisión que provocou a súa expulsión do PSOE. Reintegrado á organización, pertenceu ó grupo de “terceiristas” do Partido Socialista e, xa que logo, foi un dos fundadores do Partido Comunista Obrero Español.

44. *España Libre* foi o voceiro das Sociedades Hispánicas Confederadas de Nova York. Apareceu en 1939 e foi editado ata o ano 1976.

45. “El cuarenta aniversario del Partido Comunista de España. Resolución del Comité Ejecutivo”. *Nuestra Bandera*, abril de 1960.

46. O nome deste médico malagueño, que acadou a primeira acta de deputado para o Partido Comunista, era Cayetano Bolívar. Bolívar foi protagonista da primeira alianza electoral entre republicanos de esquerda, socialistas e comunistas que, segundo algúns historiadores, foi un ensaio de fronte popular.

47. Con motivo da represión dunha folga xeral, as forzas da orde pública aplicáronlle-la Lei de fugas a varios militantes comunistas na sevillana Praza de María Luisa no mes de xullo de 1932. O mesmo escenario foi testemuña da represión nacionalista nos primeiros momentos da sublevación do 18 de xullo de 1936.

carla ahora es que todavía viven los protagonistas de una etapa del P. que otros de menos edad no hemos vivido, añadí.

Me preguntó entonces por Leandro Carro⁴⁸ y, más tarde, por Hidalgo de Cisneros. Con ambos dijo que había tenido amistad y particularmente con el último. Le dije que estaban bien; que Hidalgo de Cisneros había escrito sus memorias (la primera parte, que se iba a publicar en México, y que estaba escribiendo la segunda parte). Mostró extrañeza porque, dijo, Hidalgo era muy poco aficionado a escribir. (Llamó a su hija y le dijo: Mira, Álvarez me cuenta que Hidalgo ha escrito un libro con sus memorias. Entonces la hija se echó las manos a la cabeza y dijo: "Cualquiera sabe cómo nos pondrá". Continuó: "antes tuvimos mucha amistad, pero la maldita política todo lo echa a rodar". No sé, le dije, cómo habla de ustedes porque no leí el libro, pero estoy seguro de que el c. Hidalgo de Cisneros es un hombre objetivo en eso como en todo, y tengo entendido que él personalmente siempre estima la amistad que ha tenido con ustedes. "Antes nos relacionábamos –añadió ella–, pero ahora hace años que no sabíamos de él. Si desea usted que le escriba –le dije–, yo puedo transmitirle ese deseo. No sé si querrá –dijo–" y se retiró.

La dirección de nuestro P., dije a Prieto, como ya le apunté por teléfono, me ha encargado verle para conocer su opinión de cómo podemos superar los obstáculos que hoy existen para llegar a un acuerdo entre comunistas y socialistas en la lucha contra Franco, acuerdo que tendría una gran importancia para lograr el que es preciso entre todas las fuerzas de oposición, si de verdad queremos acabar con la dictadura. "La posición de nuestro P., que usted ya conocer, ha sido reafirmada en el VI Congreso, cuyos materiales, si usted no los ha leído, aquí le traigo", le dije. (Me interrumpió para decirme que no conocía los materiales del VI Congreso y para añadir: me han dicho que han elegido ustedes secretario general a Santiago Carrillo. "Es que tanto ha progresado políticamente?" "El informe lo elaboró él o ese "aparato" de que ustedes disponen". "Mire usted, le dije, hemos elegido Secretario General a Santiago Carrillo porque nuestro Partido lo ha considerado y lo considera capaz de desempeñar ese cargo, y los hechos demuestran que lo es, y usted seguramente sabe –como yo o mejor–, que S. Carrillo ha dado muestras de su capacidad desde hace ya muchos años, cuando era dirigente juvenil. Y él, como todo nuestro Comité Ejecutivo, al frente del cual se halla, me encargó verle, saludarle, y ver cómo opina sobre los problemas que nos son comunes y, sobre todo, que interesan a nuestro pueblo. En cuanto al informe, no le quepa duda de que ha sido elaborado por él desde el principio hasta el fin. Aparte de que este y otros problemas de esta índole no tienen importancia alguna en relación con el motivo de mi visita a usted". Me dijo:

